

PREGUNTA DE AER SOBRE A ESTRADA DA TEIXEIRA

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Sobre o cumprimento da moción presentada polo Consello Parroquial do Viso para a mellora da seguridade viaria da estrada da Teixeira. No pleno do pasado 27 de novembro de 2014, o Consello Parroquial do Viso propuxo ao Pleno do Concello de Redondela unha moción “para a mellora da seguridade viaria da Estrada da Teixeira”. Esta moción propuña os seguintes acordos:

Demandar de todos os grupos políticos que poñan en marcha as xestións pertinentes para solicitar unha partida nos vindeiros Orzamentos da Deputación de Pontevedra para a mellora integral da Estrada da Teixeira (PO-2901) e da contorna do colexio de Cesantes, en concreto nos seguintes aspectos:

- Construción de beirarrúas na estrada provincial PO-2901 naqueles tramos nos que non exista, completando as beirarrúas xa existentes e establecendo un continuo seguro para o tránsito de peóns.
- De ser posible e recomendable tecnicamente, instalación de pasos de peóns elevados no entorno do centro cultural de Tuimil e na zona do Alto de Saramagoso, coa finalidade de reducir a velocidade de tránsito dos automóviles.
- Instalación de paso de peóns elevado e sinalización vertical na zona de acceso ó colexio de Cesantes dende a susodita estrada PO-2901.
- Mellora da zona de aparcadoiro para os pais e nais que veñen traer e recoller ós seus fillos e máis para os autobuses escolares, xa sexa coa recuperación de terre-os expropiados no seu día para a construción da estrada e/ou acondicionando as fincas colindantes co colexio.

Demandar do goberno municipal, que axilice as xestións pertinentes para que a Deputación de Pontevedra inicie canto antes as actuacións propostas para a mellora da seguridade viaria da estrada provincial PO-2901, e que o propio goberno local adopte as decisións oportunas no que respecta ás súas responsabilidades neste senso.

Sometida a votación a moción presentada polo Consello Parroquial do Viso, o pleno do Concello, por unanimidade aprobou a moción e levar a cabo as demandas dos veciños.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos: Cal é o estado das xestións destas demandas dos veciños para solicitar unha partida nos vindeiros Orzamentos da Deputación de Pontevedra para a mellora integral da Estrada da Teixeira (PO-2901) e da contorna do colexio de Cesantes; e máis das decisións que se lle instaba ao goberno local tomar no que respecta ás súas responsabilidades neste senso?

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo en que debe mellorar dita estrada e de feito fíxose algunha actuación no entorno do colexio e algunha máis. Tratarán de impulsar os acordos que xa tiñan acadados co anterior Presidente da Deputación.